



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES DO XXIV PREMIO INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME (2021)

EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000290

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver as bases reguladoras que rexerán o XXIV premio de Investigación Concello de Ponte deume.

Tendo en conta o informe de fiscalización de Ref.: 138/2021, de 07/05/2021 no que certifica a existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento de 2021, para a aprobación do presente gasto, a imputar na aplicación orzamentaria 3321.48005, por importe total de 1.140,00 € (documento contable de retención de crédito número 220210003218)

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras que rexerán o “XXIV Premio de Investigación Concello de Ponte deume”, que se transcriben a continuación:

“BASES DO XXIV PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME”

1.- O tema da investigación versará sobre aspectos de Ponte deume e a súa Comarca dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Ethnohistoria.

2.- Establécese un único premio dotado coa cantidade de **1.140 € ***.

3.- A lingua empregada nos traballos será a galega.

4.- Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos e que non teñan optido ningún premio anteriormente.

Entregaranse orixinais e catro copias en tamaño folio, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara.

A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que os ilustren.

5.- As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao **Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Ponte deume**, (Rúa Real, 13 - 15600 Ponte deume - A Coruña) en sobre pechado co título da investigación e o lema do autor, **acompañado doutro sobre pequeno no que conste** o auténtico nome e apelidos do autor así como o seu teléfono e o enderezo e fotocopia do D.N.I.

6.- O prazo de presentación remata o **20 de agosto de 2021**.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7.- A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen así como a súa decisión comunicárase aos participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación.

8.- A resolución final do xurado darase a coñecer o día **29 de outubro de 2021**.

9.- O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado.

10.- Os organizadores do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicarllelo previamente aos participantes.

11.- O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese serán publicados na revista de investigación local **Cátedra. Revista eumesa de estudos**.

12.- A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases.
*** Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F (R.I.R.P.F. art. 70)**

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación 3321.48005 do orzamento municipal da anualidade de 2021.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Intervención, debido aos efectos económicos implícitos ao acto administrativo así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

